



Encontro de MULLERES

"Xuntas para coidarnos"

22 de setembro | Cidade da Cultura



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA
Plena
inclusión
Galicia

XUNTAS PARA COIDARNOS

Este ano, o Encontro Autonómico de Mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento contará con dous espazos diferenciados que se desenvolverán o mesmo día e á mesma hora.

- Por unha banda, haberá un espazo destinado **exclusivamente ás mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento**.
- Por outra banda, haberá un **espazo de participación e encontro para as e os profesionais** que apoian a sexualidade das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

Ambos espazos celebraranse de xeito simultáneo o martes 22 de setembro na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela, e terán horario de mañá e de tarde.

ESPAZO DAS MULLERES

QUE ÍMOS FACER?

A través deste espazo de encontro seguro de intercambio de experiencias queremos ofrecer información accesible en materia de saúde integral. Queremos seguir xuntas un ano máis para coidarnos.

O obxectivo principal deste ano é promover a saúde menstrual, achegar o porqué da menstruación e menopausa e os cambios que sofre o noso corpo ao longo dos anos.

CONTIDOS XERAIS DO ENCONTRO

- O ciclo menstrual, mitos e crenzas.
- O corpo da muller e os seus cambios.
- Alimentación e saúde feminina: prevención de patoloxías.
- Recomendacións para o benestar e o coidado da saúde.

CONTIDOS PODES PARTICIPAR?

[Cubre este formulario.](#)

O número de prazas é de 35.

Destas 35 prazas, 4 están reservadas para mulleres en risco de exclusión social.

Para darlle praza a cada muller imos valorar:

- Que participen o maior número de entidades federadas.
- Que as mulleres participen nos encontros mensuais do programa de Muller.

Informaremos do programa e horarios cando che confirmemos a praza.

DATAS DE INSCRICIÓN

Podes inscribirte antes do 14 de agosto.

Confirmarémosche a túa praza o día martes 8 de setembro.

CUSTO DO ENCONTRO

O espazo de encontro custa 5€ por persoa.

Terás que facer o pago cando che confirmemos a praza.

O espazo de encontro inclúe as actividades durante todo o día, o material, un coffee break de media mañá e o xantar

ESPAZO DAS E DOS PROFESIONAIS

QUE ÍMOS FACER

A través deste espazo de encontro queremos falar sobre sexualidade e reflexionar de maneira dinámica e aberta acerca das necesidades e problemas que xorden na abordaxe da sexualidade das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. Trátase dun espazo seguro no que cuestionar, propoñer e construír son a chave do cambio para garantir o dereito á saúde sexual.

Este encontro está pensado para ti como profesional se che interesa:

- Explorar necesidades reais.
- Identificar dificultades.
- Recoñecer oportunidades de cambio e mellora.
- Compartir experiencias.
- Coñecer novas formas de acompañar.

CONTIDOS XERAIS

- Concepto integral de sexualidade.
- Responsabilidade profesional no acompañamento á sexualidade.
- Expectativas e desexos.
- Necesidades profesionais.
- Barreiras e dificultades.
- Propostas para o futuro.

COMO PARTICIPAR

[Cubre este formulario.](#)

O número de prazas é de 15.

Priorizaremos que participen o maior número de entidades federadas así como a aquelas entidades con mulleres que participen nos encontros mensuais do programa de Muller.

Informaremos do programa e horarios cando confirmemos as prazas.

DATAS DE INSCRICIÓN

Podes inscribirte antes do 14 de agosto.

Confirmarémosche a túa praza o día martes 8 de setembro.

CUSTO DO ENCONTRO

O espazo de encontro custa 5€ por persoa para profesionais de entidades federadas.

No caso de entidades non federadas, o prezo é de 10€ por persoa.

Terás que facer o pago cando che confirmemos a praza.

O espazo de encontro inclúe as actividades durante todo o día, o material, un coffee break de media mañá e o xantar.





XUNTAS PARA COIDARNOS



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

FADEMGA



Plena
inclusión
Galicia